



MANTEMENTO DOS APARCAMENTOS

Fai uns meses, o propietario do terreo que aparece na fotografía cedeu de forma totalmente desinteresada ao concello a parcela para que xs veciñxs puideramos aparcas os nosos vehículos.

No seu momento a anterior corporación (xa que antes desta corporación tamén había vida), acondicionou o terreo e fixo o pertinente seguro.

Dito terreo atópase en pleno centro da vila, na avenida de Castelao, moi preto das grandes superficies comerciais, o que fai que sexa moi concurrido e que actualmente presenta este desolador aspecto.

Desde Podemos Cedeira (para que os vehículos non sufran a deixadez dos gobernantes municipais) solicitamos que se realice o mantemento correspondente e non deixen “escapar” unha das poucas boas iniciativas que tivo a anterior corporación.

